



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000036

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e vinte minutos do día vinte e nove de outubro de dous mil vinte e catro, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 656 de data 28 de outubro/2024 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López: don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 22.10.24 (ORDINARIA).-

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 22.10.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.-EXPEDIENTE DE OBRAS: PROXECTO REFORMADO DE SANEAMENTO E BOMBEO EN MONTEFARO, POS+OBRASSUM/2021 (INCIO DE EXPEDIENTE).-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que a Deputación provincial de A Coruña concede a este Concello unha subvención engadida no Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2021. Anualidade 2021. para a obra: **PROXECTO REFORMADO DE SANEAMENTO E BOMBEO EN MONTEFARO.**

Solicitada a participación no dito plan polo Concello por acordo adoptado en sesión plenaria de data 01/02/2021 e aprobado o proxecto reformado da obra antedita na sesión plenaria de data 02.05.2024.

Financiamento.-
Deputación.- 115.000 euros

Concello.- 93.475,82 euros
Total proxecto.- 208.475,82 euros

(172.294,07 euros .- Importe sen IVE); (36.181,75euros .- IVE)

O expediente ten a referencia: **2024/C003/000004**

O proxecto técnico modificado da obra redatouno o enxeñeiro de camiños, canles e portos don Carlos Antelo Martínez.

A acta de replanteo previo para comprobar a viabilidade sobre o terreo do proxecto para a execución das obras data de 3 de outubro de 2024.

Consta providencia da Alcaldía para a aprobación da contratación.

Verificando a Secretaría do Concello que o expediente de aprobación da contratación citada está formado pola documentación mínima esencial para a súa aprobación, e deixando constancia de elo aos efectos de dar cumprimento ao esixido na LCSP e visto o seu informe de data 04 de outubro de 2024.

Visto o informe de intervención municipal de data 21 de outubro de 2024.

De conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público; esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas por Lei, PROPÓN á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, factor prezo, tramitación ordinaria da obra de denominación: **PROXECTO REFORMADO DE SANEAMENTO E BOMBEO EN MONTEFARO**; cun orzamento de licitación de 208.475,82 euros dos que 172.294,07 € corresponden ao prezo sen IVE e 36.181,75 euros ao IVE.

SEGUNDO: Aprobouse a non división en lotes por decreto de Alcaldía núm. 487 en data 05/09/24; quedando xustificada polos motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP).

TERCEIRO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación; pregos de contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos Plans provincias e outras obras provinciais da Deputación Provincial da Coruña; así coma o Anexo I e Anexo V, que constan incluídos no expediente.

CUARTO: Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 161.60001 do orzamento municipal o gasto pola contía de 208.475,82 euros, que representa a devandita contratación, importe financiado pola Deputación Provincial e polo concello, ao abeiro do Plan Pos+2021.

QUINTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público. (Plataforma de Contratos do Sector Público).

Non obstante, a Xunta de goberno local, acordará o máis convinte.

/Documento que asina dixitalmente o alcalde/.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000004).

3º.- EXPEDIENTE DE OBRAS: REPARACIÓN DE ESTRADAS EN LAVACERIDO, MONTEFARO, O AMEDO, COOPERATIVA DE MEIRÁS, RIOBÓ E CARREIRA, POS ADICIONAL 2/2024 1ª FASE (INICIO DE EXPEDIENTE).-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Visto que a Deputación Provincial de A Coruña concede a este Concello unha subvención incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS Adicional 2/2024 1ª Fase para a obra, **REPARACIÓN DE ESTRADAS EN LAVACERIDO, MONTEFARO, O AMEDO, COOPERATIVA DE MEIRÁS, RIOBÓ E CARREIRA.**

Visto a memoria xustificativa de data 26.09.2024 e proposta da Alcaldía, na que o Alcalde informou sobre a necesidade de contratar a obra citada, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é a tramitación ordinaria cun único criterio de adxudicación, factor prezo.

Vista a providencia de Alcaldía de data 26.09.2024

Vistos os informes de secretaría de data 30.09.2024 e de intervención de data 08.10.2024,

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público

PROPONSE:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con varios criterios, tramitación urxente, da obra: **REPARACIÓN DE ESTRADAS EN LAVACERIDO, MONTEFARO, O AMEDO, COOPERATIVA DE MEIRÁS, RIOBÓ E CARREIRA**, polo prezo de 120.016,81 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 25.203,53 euros, o que supón un total de 145.220,34 euros.

SEGUNDO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO: Aprobouse a non división en lotes por decreto de Alcaldía núm 27 en data 25/01/24; quedando xustificada polos motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP).

CUARTO: Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 do orzamento municipal do exercicio 2024.

QUINTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público.

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SEÑOR ALCALDE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000012).

4º.- EXPEDIENTE DE OBRAS: REPARACIÓN DE ESTRADAS EN COTO DA PENA, BASTEIRO, OS ROMEOS, AS TRABES, O CAMELEIRO E IGREXA DE LAGO, POS ADICIONAL 2/2024 1ª FASE (INICIO DE EXPEDIENTE).-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que a Deputación Provincial de A Coruña concede a este Concello unha subvención incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS Adicional 2/2024 1ª Fase para a obra, **REPARACIÓN DE ESTRADAS EN COTO DA PENA, BASTEIRO, OS ROMEOS, AS TRABES, O CAMELEIRO E IGREXA DE LAGO.**

Visto a memoria xustificativa de data 27.09.2024 e proposta da Alcaldía, na que o Alcalde informou sobre a necesidade de contratar a obra citada, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é a tramitación ordinaria cun único criterio de adxudicación, factor prezo.

Vista a providencia de Alcaldía de data 27.09.2024

Vistos os informes de secretaría de data 30.09.2024 e de intervención de data 10.10.2024,

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público

PROPONSE:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con varios criterios, tramitación urxente, da obra: **REPARACIÓN DE ESTRADAS EN COTO DA PENA, BASTEIRO, OS ROMEOS, AS TRABES, O CAMELEIRO E IGREXA DE LAGO.**, polo prezo de 107.177,53 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 22.507,28 euros, o que supón un total de 129.684,81 euros.

SEGUNDO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO: Aprobeuse a non división en lotes por decreto de Alcaldía núm 26 en data 25/01/24; quedando xustificada polos motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP).

CUARTO: Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 do orzamento municipal do exercicio 2024.

QUINTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público.

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SEÑOR ALCALDE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000013).

5º.-APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/32.-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/32

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/32 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 5 facturas ascende á cantidade de CENTO DEZANOVE MIL CINCOCENTOS CORENTA EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (119.540,43 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2024/32 por importe bruto de 119.540,43 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*) ”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/X999/000155).

FORA DA ORDE DO DIA

En votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros apróbase a inclusión do asunto fora da orde do día en aras de axilizar a súa tramitación.

.- RESERVA DE VIA PUBLICA PASO PERMANENTE INSTADA POR NIEVES LAMAS RODRIGUEZ, AUTORIZACIÓN Nº 52.-

.- RESERVA DE VÍA PÚBLICA PASO PERMANENTE INSTADA POR NIEVES LAMAS RODRIGUEZ. AUTORIZACIÓN Nº 52.-

“En data 21/07/2022, rexistrase co número 2022000002289, escrito presentado por [REDACTED] co DNI [REDACTED] solicitando vado para puerta de acceso a finca (portalón corredero), en Ctra. AC-116, Meirás, Cantodomuro 71, Valdoviño.

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policía Local de data do 9 de outubro de 2024, no que relata:

“Que practicadas las correspondientes comprobaciones, resulta que el inmueble que se identifica con el número 71 del lugar de Cantodomuro – Meirás, se localiza frente a la carretera de titularidad autonomía AC-116, y se identifica con el número de referencia catastral 15088A50201173.

Frente a este inmueble, existe un acceso para acceder al interior del mismo con un ancho de 3,40 m., existiendo en las aceras un rebaje de 5,00 m. de longitud.

El espacio de reserva de vía pública para paso permanente de acceso a la finca que se identifica con el número de referencia catastral 15088A50201173, será de cinco metros, frente a la carretera AC-116.”

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

.- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivienda unifamiliar.-

.- 55 Señalización:- 1.- Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalizarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a solicitante [REDACTED] co DNI [REDACTED] outorgando autorización de paso permanente de acceso á puerta de acceso a finca (portalón corredero), en Ctra. AC-116, Meirás, Cantodomuro 71, termo municipal de Valdoviño; - **AUTORIZACIÓN NÚM. 52 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

Segundo.- Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de dezaioito euros con corenta e cinco céntimos **(18,45 €)**; cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

Terceiro.- Expedir o correspondente documento de autorización municipal; notificando o acordado á Policía Local para os efectos oportunos, así como ao interesado.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/V008/000004).

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Tenente- Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo alcalde/